Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadabía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*





Persoeiros:
Manuel García Blanco

O INTELECTUAL DE PAMBRE (PALAS DE REI) PUBLICOU NO INICIO DO PASADO SÉCULO UN ENSAIO SOBRE A NECESIDADE E A XUSTIZA DE REPARAR A POSICIÓN SOCIAL DO GALEGO. TRÁTASE PROBABELMENTE DO PRIMEIRO EXERCICIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA E UNHA APOSTA POLO ENSINO DO IDIOMA PROPIO DE GALICIA

MANUEL GARCÍA BLANCO, PIONEIRO DA DIDÁCTICA DA LINGUA GALEGA

/ X. PARDO DE NEYRA

Ao meu primo o Prof. Dr. Fico Pardo–Ouro, desde un partillado amor polos nosos devanceiros ulloáns e en memoria do noso tío Manuel García Blanco, Manolo da Torre

En 1912, un ulloán pambrés, Manuel García Blanco (1882–1974), publica *Consideraciones sobre la decandencia y la rehabilitación de la lengua gallega* no prelo do xornal reaccionario lucense *El Norte de Galicia*[1]. E a pesar de, como nel di o seu propio autor, ser froito da máis evidente das diglosias; trátase do primeiro traballo de Sociolingüística Galega e, ademais, da primeira aposta que un intelectual galego realiza a prol da constitución dunha Didáctica da Lingua de xorne explicitamente galego. Nel, como xa fixera Rosalía na dedicatoria que en *Cantares* lle dirixe á súa admirada *Fernán Caballero*, o xa profesor García Blanco recoñece como inicia-

[1] Manexo copia da primeira edición, que me facilitou o meu primo Miguelanxo Murado García, un dos netos do escritor palense, que eu mesmo reeditei nun ensaio polo que demostrei a solvencia e a actualidade dos criterios de meu tío (cf. Pardo de Neyra 2012). Desde aquí quero agradecer o agarimo co que, de sempre, a miña familia Ouro me agasallou.

ba o seu ensaio co propósito de contrarrestar o «arraigado y extendido», «viejo concepto vulgar de Galicia» que «tiene aún el pueblo gallego nota de inculto, grosero, mísero, despreciable [...] estacionado en un grado de civilización casi primitivo»: deste modo louva as «reiteradas y valientes protestas» dos «dignos y amantes hijos de esta vilipendiada región», consistentes, segundo el nun xuízo imparcial, en destacar a beleza e fertilidade da súa terra, a exuberancia e laboriosidade da raza, a calidade dos «hombres ilustres que la honran», as excelencias da lingua e a riqueza da súas arte e literatura. Con todo, di o crítico, «mucho falta todavía por hacer» para que «la palabra *gallego*» deixe de ser «calificativo sinónimo de tosco y vil» (García Blanco 1912: 3–4). O propio pobo da Galiza, xulga o de Palas, comparte tales criterios:

> Galicia no se estudia ni se conoce a sí misma, carece de ciencia reflexiva de sí, no distingue lo que posee de bueno, para afirmarlo, hacerlo prevalecer, de lo que contiene de malo, para corregirlo [...] rompe la continuidad de su historia, de su condición se avergüenza y ocúltala cuidadosamente (García Blanco 1912: 4).

A Galiza, continúa a expor, castelanízase copiando servilmente o modo de ser do pobo responsábel do insulto e desfeita, considerando Castela como ideal, algo que para el que implica «ser víctima de un absorbente centralismo». Xa que logo, e ese era o propósito do traballo, cómpre destacarmos a lingua como nota diferencial e específica, como un dos máis fortes vínculos sociais, factor máis activo e firme substento de pobos e nacionalidades, expresión do íntimo e substantivo da personalidade individual e colectiva (a mentalidade), e facelo através dun estudo sereno e obxectivo, que é precisamente polo que o pioneiro ulloán aposta.

Para o intelectual palense, a fala galega, a «habla indígena», é merecente tanto da cualificación de 'lingua' como da de 'dialecto': a diferenza 'lingua / dialecto' constitúese para el segundo un carácter unicamente secundario; só estriba no uso «nacional oficial» que ten o idioma e do que carece o dialecto. O galego, portanto, «puede sin petulancia denominarse idioma» porque é lingua propia dun pobo, mais tamén a el «se le puede llamar dialecto» porque «no es lengua oficial

de una nación» (García Blanco 1912: 5, n. 1). E non o sendo, así, avalía o seu «pasado gloriosísimo», que remite aos séculos XIII e XIV, cando era «instrumento exclusivo a la inspirada y copiosa literatura lírica de gran parte de la Iberia cristiana», malia que logo, o «sistema político, centralista y unitario, que luego después se entronizó en Castilla» impediu a diversidade idiomática dentro das súas fronteiras: haberá que agardar até o «brillante renacimiento contemporáneo de aquella gloriosa literatura», di finalmente, para pór en relevo a beleza dese «viejo idioma».

Non é de estrañar, polo tanto, que ante semellante desdouro, o «vulgo» –claro que fala do foráneo–, e «no hay que encarecer cuán innumerable es el vulgo», teña o idioma galego por lingua «ruda, bárbara y propia de un pueblo de beocios y estúpidos», o que implicou que o propio pobo que a creou acabase por considerala como un idioma menor e «trátala hoy con el más despectivo desdén y avergüénzase de usarla como medio de expresión de sus ideas y afectos» (García Blanco 1912: 6), un feito que, advirte, constitúese como «de gravedad suma» para a «supervivencia de la hermosa lengua regional», feito que debe ser levado en consideración para conter a «creciente decadencia que la amenaza de próxima, total ruina». E apunta o profesor tres feitos que demostran tal decadencia conducente ao que considera ruína lingüística total:

1) a desaparición do idioma da Galiza urbana, que substitúe a súa lingua polo «idioma oficial»[2]; 2) especialmente no «llamado con justicia bello sexo (en el cual toda fivolidad y toda cursilería tienen, sin embargo, su natural asiento)» tamén ten asento unha predilección polo uso do castelán, e para demostrar que non o falan, «¡en cuán extrañas ridiculeces, en qué chocante afectación, en qué extremos de fátua presunción se incurre a menudo!»; e 3) finalmente, alude aos «prejuicios del pueblo gallego respecto de su lengua propia», o cal transcendeu á educación doméstica provocando que os pais e as nais lles inculcasen aos seus fillos e fillas unha «aversión decidida al habla regional», facéndoo «cual si les tardara ver extinguirse en ellos tan característico signo, tan primordial condición de la existencia autónoma de un pueblo»[3]

[2] Nas cidades e vilas da nación, di García Blanco, o galego só é usado polas «ínfimas clases de la sociedad». En situacións onde se dá concurso «de personas de cierta categoría social» (reunións, paseatas, espectáculos) sería groseiro usar o galego. Falar castelán é, pois, «condición de buen tono y una señal inequívoca de distinción», ademais de «regla elemental de urbanidad».

[3] Trátase dunha implantación lingüística paterno-materna que non dubida en recorrer á violencia. Sérvese para iso García Blanco da quintilla noriegana «s'hay quen non val un pitillo, / nin sementa un grau de millo, / nin ha d'heredar un rego, / e dall'azoutas ô fillo / pra que non fal'en gallego!» (Noriega Varela 1904: 30), e dada a súa transcrición, ben comprobamos como, para facelo, tiña diante a primeira edición de *Montañesas*, e quen sabe se era unha desas obras que, dirá páxinas adiante, lle foron persoalmente dedicadas polos seus autores con agarimosas palabras, mais tristemente castelás.

(García Blanco 1912: 8). Era, pois, unha cuestión de patoloxía racial que producía dúas consecuencias, ora o debilitamento da solidariedade comunitaria da Galiza, ora a corrupción e deturpación lingüística.

Secomasí, para García Blanco tres son os argumentos dos que os pais e as nais se valían para fundamentar unha educación castelá. En primeiro lugar está a necesidade de que o neno, a nena, lea libros escritos en castelán; en segundo termo porque é así como se han comunicar co medio social que, finalmente, ha formalos e ilustralas; e en terceiro lugar porque só desta forma poderá mostrarse como procedente dunha «familia distinguida». Trátase, no entanto, dunha perda lingüística no medio materno que conduce ao exercicio da «más honda repugnancia» cara ao idioma da Galiza, o asentimento cara aos xuízos do medio familiar («el más autorizado para el niño inexperto») a respecto da educación. Nel é onde reside a ecuación 'galego = plebeo, tabernario, lingua de viláns e brutos'; de aí que considere que tan só unha única xeración de «celosos educadores» chegaría para soterrar no esquecemento «lo que han respetado largos siglos». Así mesmo, á par desta situación destaca o estudioso como para os solidarios implica grave dano o feito de que unhas clases falen castelán e outras o idioma «da región», e que «el uso del uno con menoscabo del otro se halle más extendido en la ciudad que en el campo, en unas localidades que en otras», unha dualidade idiomática que implica, por un lado, «antagonismos de clase», e por outro «el divorcio entre localidades y provincias hermanas, cuya estrecha unión tan útil sería para la defensa eficaz e sus comunes intereses» (García Blanco 1912: 9). Con esta situación, apunta, revélase intimamente relacionada a emigración, ben dirixida cara a terras afastadas, ben concentrada cara aos núcleos urbanos próximos, que tamén implica esquecemento lingüístico, pois cando o galego deixa a súa terra:

> lo primero de que [...] se cuida [...] es de despojarse de aquellas señales que, como su lenguaje revelarían su procedencia [...] finge haberse olvidado del habla regional y aprovecha la coyuntura para permitirse el lujo de chapurrar el castellano (García Blanco 1912: 9).

Xa que logo, vislúmbrase unha morriña non extensa ao idioma que se debe completar cun dos maiores desafectos lingüísticos que se viven no país: o uso «corriente» de «algunos sonidos exóticos, cientos de vocablos, crecido número de frases» que o investigador chama «*castellanismos*» e que, en realidade, constitúen unha «disonante y abigarrada jerga» capaz de combinarse co acento e a entoación, propiamente galegas, que un falante da Galiza lle dá ao idioma da Castela (cf. García Blanco 1912: 10–11).

Deseguido pasa a falar da escrita, pois para o intelectual de Pambre o que dá «prestigio y condiciones de fijeza y estabilidad» a unha lingua é «su cultivo mediante la escritura». Seguindo cun discurso de corte hegeliano, dá contas da indiscutibilidade de que en todos os pobos o normal é que existan manifestacións escritas, e que estas se redixan no seu idioma propio. Na Galiza, aínda así, ocorre o contrario, «carece la lengua gallega de cultivo gráfico vulgar, espontáneo» (García Blanco 1912: 11), e apunta para iso tres feitos: a existencia de rótulos comerciais tan só en castelán, o emprego deste idioma en xornais e revistas e o interese da poboación por redixir, tamén neste idioma, os documentos epistolares e os íntimos e familiares. A escrita galega «ha caído tan por completo en desuso» que, di o palense, «si hablar en gallego es plebello y vulgar, escribirlo sólo parece propio de una cultura sólida», de aí que destaque que o pobo non sabe ler neste idioma, non ten costume de o facer, non existe uniformidade ortográfica por tanto, e a maior parte de persoas cultivadas «jamás han leido ni siquiera visto una página escrita en lengua regional». Xa que logo, avalía, ante tal «uso reflexivo, erudito»–capaz de provocar a redacción de obras en verso e textos prosísticos, as máis das veces de xorne humorístico e que, portanto, é responsábel da idea de que o galego non serve para asuntos serios–hai que estender o «uso gráfico del dialecto a todo género de escritos» e, amais de demostrar que tal idea constitúe un inmenso disparate, facer chegar o galego a un grao de elaboración e perfeccionamento que incida en que o idioma da Galiza ha servir para todo tipo de uso lingüístico, e, novamente perseguindo a sacralización da lingua galega, García Blanco volve apelar aos versos de *Aires d'a miña terra*[4].

[4] Nesta ocasión recupera os vs. 33-36, 41 e 44, polos que Curros auguraba unha fin das linguas conducente á creación dun único idioma que, compendio de todas as linguas, había ser o galego.

Mais a segunda das grandes partes en que García Blanco divide o seu estudo correspóndese co asunto da decadencia do idioma. Nela, facéndose eco das teorías hegelianas a respecto de lingua como reflexo do ser do pobo, como algo que outorga carácter distintivo ás comunidades humanas, é mester considerar que un dos labores esenciais do pobo galego consiste na conservación e no referido perfeccionamento lingüísticos. Xulga, como probas dun movemento restaurador, empresas xa realizadas tales como a actividade literaria lírica do Rexurdimento, a escrita de traballos filolóxicos, a institución dunha «corporación de personas doctas» (a *Real Academia Gallega*) e a creación dunha cátedra de estudos galegos na Universidad Central española. Con todo, estabelecidas xa semellantes empresas, considera así mesmo que nunca se procurou a restauración, no pobo, dun «perdido amor a su propia lengua» (García Blanco 1912: 14–15); pois coa publicación de obras como *Cantares*, *Aires* e *Queixumes* –cumes literarios no entanto–[5] nada se logrou aínda a respecto da educación popular: e posto que o pobo non le este tipo de textos, cumpría, como xa expresara Lamas Carvajal[6], espertar o ánimo popular.

Por iso, amais da actividade lírica, aposta polo cultivo de xéneros de maior difusión e «más alcance educativo», nomeadamente o teatro, a oratoria[7], a novela e o xornalismo, por entón case inexistentes. Non é estraño que, denunciando a falta do xénero prosístico na Galiza, explique, asombrado, a existencia de moitos «estimables ingenios galaicos» que coa súa dirección literaria privan á literatura galega dun labor definitivo, pois se serven do vehículo lingüístico castelán para expresárense. Fano porque, recorrendo outravolta a Curros, consideran que «escribir nada máis pr'unha provincia, / Ou, com'os pobos árcades fixeron, / Escribir sobr'a casca d'os curtizos, / Cáxeque todo ven a ser o mesmo»[8]. Mercé a este desexo *currosiano* acredita na fundamentación dun sólido cultivo literario que sexa quen de traspasar os lindeiros «de nuestra pequeña región» (García Blanco 1912: 16), pois, agora valéndose da por entón revolucionaria visión *wölfflíniana* dunha 'arte pola arte' encarreirada apostolarmente cara á sociedade[9], para el, calquera produción literaria acabará dependendo da súa beleza, e moito menos da lingua nela usada.

Con todo, e como os medios de expresión de toda manifestación artística é de indubidábel importancia para quen, como

García Blanco, non desouvía a filosofía de Kant, cre necesario subliñar –e comentar– a importancia e o significado de dúas das empresas definitivamente relevantes para a rehabilitación lingüística que propón. A primeira é a *Real Academia Gallega*, piar da lingua da Galiza e motor do labor reconstrutor que estuda. Porén, até o momento, xulga, só serviu para alimentar discordias –considera que foi duramente criticada e que aínda falta para que sexa considerada como debe por unha función docente e lexisladora en materia de lingua: deste xeito, nin leva publicadas obras de interese nin organizado entidades auxiliares, nin tampouco alentado empresas «beneficiosas para el porvenir del dialecto». Non se ten preocupado pola creación de certames e premios que recompensen os cultivadores do galego, e, por outro lado, ten adoptado como lingua o idioma «oficial de la nación y no aquél cuyo cultivo y progreso tiene a su cuidado» (García Blanco 1912: 17). Por iso propón que os académicos discurseen, redixan traballos, levanten actas e escriban o boletín en idioma galego, todo o cal indica que se trata dunha institución reflexo dos devezos do «régimen centralista que nos gobierna, cuya más caracterizada tendencia es anular la personalidad de las regiones»[10]. A segunda refírese ao establecemento da «cátedra de lengua galaico–portuguesa» da Universidad Central de Madrid[11], que non en van implicaba que a lingua e a literatura da

[5] Neste sentido vemos como o García Blanco se nos aparece como un adiantado, un pioneiro no senso de considerar Rosalía, Curros e Pondal como liñas líricas –e non só poéticas– do rexurdentismo galego decimonónico, algo que acabará trunfando nos programas docentes que estudan o feito literario galego no século XX e que, visado pola crítica galega contemporánea, será consolidado como «a tríada lírica do Rexurdimento».

[6] Válese arestora do prólogo de Espiñas, follas e frores –un dos intelectuais máis temperamente comprometidos coa extensión do idioma galego ao espazo campesiño, portanto cunha instrución popular realizada no idioma propio da Galiza (cf. Lamas Carvajal 1876)– e propón abertamente, deste xeito, a difusión e a instrución populares, ben claro que considerando que o campesiñado de entón non estaba capacitado «para leer libritos» (García Blanco 1912: 14, n. 1).

[7] Destaca neste momento o papel dos curas rurais, que dan as pláticas en castelán, así como os mitins solidarios e agraristas, onde non se coida falar en idioma galego e onde contodo se localizaría un dos medios óptimos para o emprego da lingua nacional.

[8] Trátase dos catro primeiros versos de *Aires d'a miña terra*.

[9] Aproveitados do pensamento de Riegl e Gautier (a quen precisamente debemos o sintagma *arte pola arte* e a constitución dunha 'relixión estética'), os postulados de Wölfflin a respecto dunha formulación historicista da arte constituíron unha das máis diáfanas apostas didácticas en tanto en canto inician o alumnado nunhas valorización e análise da arte en chave comparatista. O seu interese, portanto, é un dos piares definidores dunha Socioloxía da Arte de xorne kantiano, abertamente antipositivista, onde o esencial non é o que a Arte diga senón, como diría Panovski, os medios dos que se vale e o significado que acaba desenvolvendo.

[10] Apunta, ademais, como a concesión dese título de 'Real' se debe á súa dirección lingüística. Así pois, exhibindo unha gran cautela –e non criticando (el, que era republicano), senón todo o contrario, o réxime que se agacha tras o título da institución– destaca que «por donde ese mismo respetable epíteto, del que por otras razones debe estar orgullosa, viene a ser precisamente la señal más inequívoca de que los tiene descuidados (García Blanco 1912: 17). Con todo, ese apunte ben significativo, por certo, dun tímido trasacordo cara ao significado da monarquía constitúese como un gol que o García Blanco lle mete ao propietario do xornal e da imprenta que publica o seu texto, neste caso ao monarquista lucense Juan Manuel Pardo, que malia todo estaba a dar á luz un ensaio claramente revolucionario.

[11] Deste modo denuncia que se trata dunha cátedra eminentemente nominal, que había dous anos (1910) fora organizada por Lei do Reino e votada en Cortes, «lo cual, después de todo, no es cosa que pueda causar asombro en este país clásico de leyes incumplidas y de hacienda mal administrada» (García Blanco 1912: 18, n. 1).

Galiza eran «algo digno de estudio» (García Blanco 1912: 18). Neste sentido expresa como o realmente relevante, segundo a súa vea didactista, non estaba a residir no Ensino Superior, senón no Elemental: aquel serviría para formar eruditos, coñecedores teórico–técnicos do galego, persoas «a quienes importa lo mismo investigar sobre materia viva que sobre materia muerta» e que, indubidabelmente, en pouco ou en nada alimentarían o convencemento da protesta ante o feito de que o galego estivese proscrito do ámbito escolar, fóra do Ensino Elemental, na fin de contas, para el o verdadeiramente importante na edificación dunha Escola propiamente de seu para a Galiza que el arelaba.

Mais como para o estrato popular, a influencia dos literatos e intelectuais é algo certamente afastado, seguía a expor, García Blanco manifesta a importancia de que «las personas distinguidas y celebradas por sus hábitos de estudio y sus dotes de ilustración» se valesen do idioma galego. Non abonda, e destaca, con celebracións a respecto da lingua, senón que é necesario, insiste, que:

> nuestros intelectuales den muestras claras y terminantes de que no respetan en la práctica vulgares preocupaciones, que ellos sean los más solícitos cultivadores, del gallego en su trato y comunicación íntimos, así orales como gráficos (García Blanco 1912: 19)[12].

Desta forma, propón que unha maneira de presión do vulgo ben podería ser o uso constante do idioma, por parte da xente cultivada e ilustrada, en todo tipo de situacións, seguindo un proceso que articula deste xeito: 1) fase inicial e primeiros pasos na utilización do galego no ámbito familiar, onde se procuraría unha educación centrada no amor cara á lingua; 2) uso lingüístico galego consciente no trato ordinario, sempre desterrando del a idea da vergoña e o temor pola formación dun xuízo desfavorábel dos demais; e 3) institucionalización do idioma como medio de relación (familiar, amical) e como vehículo de transmisión de todo tipo de desexos (cartas e documentos variados). Só así se constituiría como lingua propia da comunidade[13].

Por iso, novamente retratando a exemplar actitude dos cataláns–para el iniciadores dun modelo que a Galiza debía

seguir–, «todo gallego, sólo por serlo, es para otro gallego un amigo a quien puede tratar con familiaridad: ¿no son los pueblos grandes familias?» (García Blanco 1912: 21). As súas novas propostas seguen a incidir nese hegelianismo de raíz confesionalmente sociolóxica: a) así, en primeiro termo destaca como para influír nas masas populares téñense de considerar os medios xornalísticos. A folla impresa chega a todos os lugares, é accesíbel e nela hai algo sempre que é de interese directo para o pobo. Láiase do que se perdeu desde os tempos do *Tío Marcos d'a Portela*, de aí que decida apostar pola necesidade dun medio xornalístico propiamente galego, unha cabeceira galega enteiramente redixida en idioma da Galiza[14]; b) en segundo termo diríxese cara á acción colectiva, e propón a creación dun «*Instituto de Estudios Galaicos*» que estudase a Galiza, o individuo galego e a súa sociedade. Desta forma conseguiríase modernizar o idioma e lograría convertelo en instrumento apto para a construción do coñecemento científico (cf. García Blanco 1912: 23). Tal instituto sería quen de publicar un «Boletín» redixido en galego que serviría para trocar con outras publicacións foráneas («nacionales y extranjeras») onde dar a coñecer a Galiza e a súa realidade; c) e en terceiro lugar expón a necesidade da creación dunha «*Biblioteca Gallega*» e un «*Museo gallego*» como vehículos altamente operativos para a expresión dunha iniciativa de socialización do pobo cara ao idioma.

Así, ante a complexidade do que propón, o da Ulloa fala da Catalunya, onde da nada se edificara unha empresa como a que el pedía para a súa Galiza. E faino apelando ao esforzo particular de individuos e entidades, pois dos órganos provinciais e locais nada se podía

[12] Neste sentido, ademais de denunciar o pouco corrente do caso: «ni mucho menos, entre los literatos regionales», alude ao caso de Ribalta Copete, un intelectual que escribe e fala en lingua galega en todas as situacións. A respecto do propio carácter pioneiro deste último, o García Blanco preséntase como un avanzado, pois será en 1916 cando desde o seu medio madrileño *Estudios Gallegos,* o Ribalta propoña o estudo da relación 'lingua-economía', isto é, a necesidade dun estudo económico da realidade galega efectuado na lengua nacional. Mais García Blanco tamén aproveita para pór en relevo que cando algúns poetas o obsequiaron con exemplares das súas obras, llas dedicasen en castelán (cf. García Blanco 1912: 19-20, n. 2). Mais tamén é destacábel como, anteriormente, el mesmo recoñecera que coa redacción do seu traballo, el propio estaba a incorrer na falta que censuraba: contodo, quere deixar patente que o feito de non telo redixido en galego se debía a que, malia ser o vehículo en que adoito se expresaba («a mucha honra lo tiene, y no le sonroja confesarlo»), destácase ignorante a respecto do seu emprego gráfico; a fin de contas, dicía, «¿qué importa al mundo una inconsecuencia más?» (García Blanco 1912: 19, n. 1). É un dos xuízos que lle serven aos comentaristas da prensa galega que, en todo caso, celebraron grandemente a saída do ensaio. Para o primeiro, que se laia, co palense, da inexistencia de prosa galega, «el mismo García Blanco redacta en la lengua oficial las páginas de su folleto galleguista» (*La Voz de Galicia* 1912).

[13] Constitúe a idea final deste proceso a consecución dunha cultura forte que traballe polo logro da elevación do nivel cultural popular. Ese era o camiño, en xuízo do de Palas, polo que «las lenguas regionales llegan a ser lenguas nacionales y los idiomas alcanzan prepoderancia internacional» (García Blanco 1912: 25), unha aposta máis que revolucionaria en tal momento, que se traduce como a vez primeira pola que o idioma da Galiza é obxecto da petición da súa internacionalización, amais de se constituír como eixe directo dun futuro no que o país acabaría sendo unha entidade nacional de *facto*, e non de *iure*.

[14] Creo que este é o principal motivo das críticas de que, contodo, foi obxecto no voceiro do nacionalismo. Ao esquecer *A Nosa Terra* quizais provocase os pouco amábeis xuízos –que o tildaban de ignorante– publicados polo tradutor do seu ensaio.

agardar senón obstáculos[15], e, como non, á emigración, de onde tradicionalmente ten saído o necesario para o financiamento de proxectos beneficiosos para a nación, pois:

> en todo lo que acometen imponen el sello de un patriotismo vehemente, impetuoso, que no hay que atribuir tan sólo a condiciones del alma gallega, sino también a circunstancias político–sociales, propias de ciertos países americanos de inmigración (García Blanco 1912: 24).

Fala agora, pois, o sociólogo, o especialista en estatística, para quen, secomasí, era altamente criticábel o «ridículo y bochornoso espectáculo que nuestros flamantes 'habaneros' dan, cuando fingen haber olvidado la lengua de su aldea», o que sen dúbida ben reflectía que o idioma da Galiza non estaba mellor atendido fóra.

Contodo, tras confiar no galego como idioma constituído en 'lingua nacional', o García Blanco quixo deixar patente os seus desexos tradicionalistas a respecto da confianza no proxecto monarquista español. Non era para menos, dados os tempos, e por outra parte tampouco debía apostar pola fervente defensa dun pensamento totalmente contrario ao do proxectado político local que se agochaba tras o nome do propietario da imprenta do xornal onde se publicaban as *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. Deste xeito confesa claramente o seu desexo de non romper a 'unidade española' destacando que cumpría non facer o que xa fixera Rosalía, aborrecer o castelán: pois admirando a Castela, «el fuerte y magnánimo pueblo que durante siglos ejerció dignamente la hegemonía ibérica», a súa cultura e a súa literatura. Conviña, portanto, «que no se rompa por culpa nuestra la armonía interregional de España», pois a España –dicía– non só era a Castela e a súa cultura, e «lo que a la nación importa es la persistencia de su rica variedad idiomática» (García Blanco 1912: 25). Xa que logo, sob o pretexto da loita pola idea dunha única lingua oficial para tal realidade política, pensa que cabería oficializar máis dun idioma dos usados en calquera das nacionalidades que compuñan o Estado. E como non podía ser doutro modo, volve exemplificar coa Catalunya, onde localiza unha Renaixença temporalmente paralela ao Rexurdimento galego e

onde colocaba a existencia dun pobo leal e firme, que nunca chegara ao esquecemento da súa tradición e ao abandono da cultura propia, como si fixera o galego, e onde o idioma de Castela nunca tivo a «cordial acogida» (García Blanco 1912: 26) que polo contrario si tivera na Galiza –de aí que tivese de volver insistir nun labor baseado nun exercicio literario unicamente centrado no cultivo da lírica mais que non conseguira a extensión popular dun proxecto verdadeiramente recuperador. Os cataláns e as catalás falaban en público no seu idioma, e facíano tanto dentro das fronteiras da súa nación como fóra delas; o seu labor cultural realizábase en catalán, cultivábanse todos os xéneros literarios naquel idioma e, ademais, practicábase o exercicio de «toda suerte de disciplinas científicas» así mesmo en catalán (cf. García Blanco 1912: 27). Por iso, seguindo a ecuación: 'lingua catalá = instrumento lingüístico de comunicación + condicionante lingüístico de progreso'; conseguiron internacionar o idioma e darlle un posto entre as linguas nacionais europeas. A Catalunya, porén, é identificada como a «región [...] más próspera, [...] más progresiva, la de más acusada y consciente personalidad de las regiones que integran la nación española» (García Blanco 1912: 27); de aí que se decida por louvar a súa actitude e política rexionalista en desagravio do cualificativo de que, como «doctrina antipatriótica», fora obxecto. Posteriormente tido por redención e esperanza, non é estraño que o aparentase como «supremo interés» para a Galiza, como mostra da personalidade e revigoramento do espírito propio galego. Daquela, o medidor deste ditado non é outro que a lingua, o uso que dela se faga, nunha nova ecuación que aparella lingua a 'asiduidade + esmero'.

Nesta nova louvanza do idioma como instrumento, máxima en redor da cal xira todo o ensaio, e seguindo a admirada devoción polo espazo político–cultural da Catalunya, recupera deseguido, mais en idioma da Castela, parte dun discurso maragalliano que, como Presidente do Ateneu Barcelonès, o poeta catalán proferira o 15 de outubro de 1903. Trátase do famoso «Elogi de la paraula», que lle serve ao profesor García Blanco para defender a Galiza e o seu

[15] Claro que destaca como o *Institut d Estudis Catalans* era obra da Deputación de Barcelona, cousa que non era enteiramente certa, pois foi fundado, por iniciativa privada de Enric Prat de la Riva, o seu primeiro presidente, mais segundo acordos que a devandita entidade aprobou en 1907 e 1911. A iso, pois, referíase García Blanco.

idioma e porque discutía as teses que consideraban os seus argumentos como:

> incompatibles con la estabilidad de la forma de organización político–administrativa a que hemos llegado, que juzgan perfecta y definitiva (como si alguna hubiera que lo fuese) (García Blanco 1912: 28).

Así as cousas, García Blanco remata cun cántico de esperanza, o que falaba dunha «Suevia» chea de vales e montañas onde, «cual rasgo superviviente de una personalidad definida y vigorosa», subsiste o eco «de una lengua viril y robusto como el roble de la montaña, dúctil y tierno como el sauce del valle» (García Blanco 1912: 29). Mentres isto exista haberá esperanza na «regeneración regional»: xa que logo, un dos principais deberes de todo galego e toda galega artellábase en redor do optimismo e do saúdo cordial cara ao referido rexurdimento. Por iso quixo pechar o seu ensaio cuns versos do seu admirado, por monolingüe escritor, Ribalta Copete, para quen o idioma da raza galega nunca morrería en tanto fose consciente de que o seu niño estaba construído coas seixas dunha montaña[16].

[16] Vs. 49-54 da «Cantiga da Montaña» que Ribalta compuxo en Ferrol en 1898 e que García Blanco coñecía polo labor compilador de Uxío Carré (cf. Carré Aldao 1903: 104), responsábel dunha das empresas didácticas antolóxicas máis simbólicas da literatura galega decimonónica. Por outra parte, é Aurelio Ribalta o pioneiro na galeguización lingüística da Escola, e a el debemos que, na temperá data de 1905, un intelectual galego solicitase a enteira galeguización da aparataxe escolar: expondo a necesidade de que, ademais da integración do galego no currículo escolar, todas as cadeiras se impartisen nesta lingua, incluída a de gramática castelá, e todas elas contasen co apoio de libros de texto redixidos no idioma nacional, coa única fin do arriquecemento do pobo, do seu engrandecemento e redención.

¶

BIBLIOGRAFÍA

Carré Aldao, U. (1903): *La literatura gallega en el siglo XIX*, Imp. y Fotograbado de Ferrer, A Coruña.

García Blanco, M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*, Imp. de *El Norte de Galicia, Lugo*

Lamas Carvajal, V. (1876): *Espiñas, follas e frores. Ramiño primeiro*, La Propaganda Gallega, Ourense.

La Voz de Galicia (1912): «La decadencia del idioma gallego» [art. ed.], A Coruña, 14/11.

Noriega Varela, A. (1904): *Montañesas. Poesías gallegas*, Imprenta de Ramiro P. del Río, Luarca (Asturias).

Pardo de Neyra, X. (2012): *Lingua, ensino e sociedade: os inicios da Sociolingüística galega contemporánea ou* Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. O nacemento da Didáctica da Lingua Galega no ámbito do Novecentismo*, Follas Novas, Compostela.

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017